

Moza de lúa e vento

A escritora Chelo Suárez, autora de libros como "Corpo de mar" ou "Os milagres de Cristamar", considera que a literatura é un lugar para "exaltar a liberdade"

LUPE GÓMEZ

A inxenitude é algo sagrado que permanece nas nosas vidas aínda que nos fagamos maiores. Chelo Suárez segue sendo como unha fada, e as súas palabras recenden como mazás que van caendo das árbores. Ela é unha moza de lúa e vento que gañou o premio Narrativas Quentes de Positivas coa obra *O. milagres de Cristamar* e quedou finalista do Premio Xerais de Novela no ano 2006 coa novela *Venus de Cristal*. "A inxenitude ten que ver co primitivismo puro. Posuíla é un don" afirma esta muller de xiz que cando era nena, dende a galería da súa casa da Coruña, vía toda a baía, e como entraban e saían os barcos. Ese foi sempre o seu recanto de ler, de viaxar a través dos libros. Quería ser Robin Hood para facer xustiza, e ser un pirata para exaltar a liberdade. Ela di: "hai momentos nos que me sinto, son tan inocente como unha pomba, e outros, cando o mundo tenta devorarme ou se volve contra min, rolda ao meu redor un anxo escuro que se asenta no meu interior para me bautizar coa perversión do demo."



Chelo Suárez foi finalista do Premio Xerais de novela con 'Os milagres de Cristamar'
FOTO: Axencias

Cómo era a Coruña da túa infancia?

A Coruña da miña infancia era para min máis bonita do que é hoxe, máis íntima, máis pequena, e sen tanto paseo marítimo, máis unida ao mar. Como dicía o meu avó, semellaba unha mocíña esvelta, á que se lle podía cinguir polo van para bailar con ela unha mazurca salgada. Aquela Coruña era toda branca acristalada, deitada con mimo no colo de dous mares, e coqueta, alisaba as ondas que a lambían con peites de vidro e luz. Cos meus patíns, circulei tan a présa coma o rabo dun papaventos polas rúas case sen tráfico, neses meus anos da infancia. E nos xardíns de Méndez Núñez, tan coidados entón, tan cheos de rosas tan perfectas que semellaban pintadas, aparcaba xunto dunha acolledora e pequena biblioteca, onde co pequeno cu pousado nunha cadeira pequena, entraba en conexión con Verne, Dickens e Salgari.

Cómo era a túa nenez na túa aldea de Oza dos Ríos? Dabas pasos de xigante aprendendo a ser como unha vaca?

Eu, nena de mar, tíñalle respecto ao mar, e aprendín a nadar no río. O misterio, o encanto, a quietude do río fascinábame. O río non se puña bravo. Nel, non había ondas que devoran xentes e barcos. O río cantaba... Deitada na herba era un pracer escoitalo, velo pasar... Na aldea todo un participar coa vida. E a morte, con respecto das cidades, víase como algo natural, mesmo o xeito de envellecer era máis digno. En canto ás vacas, gustábanme polo seu aquel de matronas louras, robustas e paisanas. Polos seus acenos, que rubricaban unha lenta maxestade. As vacas eran as raíñas indiscutibles da corte. Suaban humanidade. Entrar na corte era como entrar nun útero en penumbra e respirar un bafo morno, e alí estaban elas, lambendo entre forraxe toxo e bosta os xatos, agarimosas nais, os ollos cheos de paz, grandes coma illas de auga onde habitaba a mansedume.

Cres que a **túa** formación autodidacta faite ser máis natural e auténtica? Por qué escribiches durante moito tempo sen dar o paso da publicación?

Penso que a miña formación foi libre e boa, xa que puiden escoller baixo o meu criterio os que me pareceron os mellores mestres da literatura. Guioume un instinto anárquico e non me equivoquei. Sempre adorei as palabras, todas as palabras, os libros. Ler, foi para min doado e fonte de pracer. A miña gran paixón. Sempre vin as palabras coma cereixas que brillaban, que me estaban a chamar, tentándome, dende un primitivo xardín. Un xardín encantado. Non dei antes o paso de publicar por me parecer algo bastante inaccesibles e distantes os editores. Logo estaba o temor a ser rexeitada. Tamén porque en serio, en serio, empecei a mandar a editoriais hai pouco tempo, cando eu mesma decidín que a miña escrita era digna, e nada tiña que ver con aqueles dous primeiros contos que escribira con doce anos.

Dis que ti mesma foches "unha flor de xiz". O teu libro *Flor de xiz* fala de mulleres ás que lles foi negados estudos e escola.

Pois si, eu mesma fun unha "flor de xiz" Inda que mirando cara a atrás, tiven máis sorte que as miñas devanceiras, mulleres analfabetas que traballaron de sol a sol. A miña avoa, con intermitencias, xa foi a escola, e miña nai, as tías, educáronse nun colexio de monxas, onde aprenderon a ler e escribir, a rezar e coser; a se preparar para seren boas nais e mellores esposas. Eu tiven a oportunidade de ir a un bo colexio, un colexio laico, onde pensaba formarme para estudar unha carreira, mais por ser muller, cortáronme as ás.

A poesía é unha fervenza de ilusión, un refacho de aire?

A poesía para min, é un golpe de luz que me cega, unha escuridade que me aclara, que me fai ver o que outros non ven. É un deixar que se derramen as miñas emocións cara ao exterior, de musicalas coa palabra. Cando escribo poesía síntome en estado de graza. É un momento de plena lucidez que vén a min, nunca eu a el. Definíraa coma un refacho de luz que pousa, que fica en min ata que se apaga. Poesía é reflectir coas palabras precisas a beleza dunha imaxe, dun instante.

Cando les contos ou falas na radio xogas coa **túa** voz e coas emocións?

En Radio Oleiros foi unha boa experiencia falar de cando en vez de literatura. E moi gratificante, durante unha temporada, retransmitir semanalmente un dos meus contos dramatizados. Quedaron ben. A música, a voz, púñaa o meu fillo Pablo, e a verdade, foi un traballo bonito. Na radio galega tamén me sinto cómoda falando de poesía con Rivadulla Corcón, poeta e gran profesional. Invitoume dúas veces ao seu programa, "A casa do vagabundo," e alí, tan preto das nubes, de fondo o mar, entre conversa e conversa, acompañada por unha música marabillosa, fun debullando os meus poemas de "Corpo de mar." Mentres recitaba, xogaba co desexo de chegar aos oíntes coa voz e a emoción dos meus poemas.

Nos teus libros é moi importante o mundo da imaxinación. G. stache voar a mundos imaxinarios? Mesturar realidade e ficción?

Non sabería vivir sen imaxinación. Mesturar autenticidade e ficción na miña escrita é fundamental. Cun pé no mundo dos soños e o outro na realidade. Sempre, sempre camiñei así. Construír realidades ficticias, ou ficcións reais, foi sempre a miña intención. O mundo dos contos tradicionais influíume moito, así coma tres grandes fabuladores: o meu avó, que foi para min o primeiro gran narrador oral do realismo máxico. . Ivaro Cunqueiro e García Márquez.

Os corpos das persoas son "corpos de mar" cando viven o amor, a tenrura e os abrazos? Os corpos son tamén "palabras de dicir"?

Amo o mar, inda que de pequena tíñalle moito respecto. Agora síntome nel coma un peixe ou coma unha serea, ou coma unha buguina, sempre, pousada no pensamento unha estrela de mar. Vivir o amor e ter, sentirse corpo de mar. O mar é grande, lambe, acaricia, invade... Nos vaivéns e arremetidas das ondas hai moito de sensualidade. O mar envólvet, penétrate co seu líquido falo... Nel, vólveste toda cuncha... E os corpos, os corpos que aman, están feitos de silencios, suspiros e palabras, palabras, palabras de dicir "Dividirei o espello da luxuria en mil anacos/e farei de cada un unha lúa habitada"

O. milagres de *Cristamar*, co que gañaches o premio Narrativas Quentes de Positivas, é o teu libro máis arriscado e atrevido?

Os milagres de *Cristamar* é para min un libro moi querido. Penso que nel casan ben fantasía e imaxinación, coa realidade de dous mundos: o monxil e o das prostitutas. É un canto de

renuncias, unha denuncia, unha épica, unha exaltación á liberdade dos corpos. E por riba de todo, unha homenaxe a esta Coruña, cidade das gaivotas, amasada con pedra vidro e luz. Se tivese que comparalo cunha pintura, faríao coa de Lugo. Diría que nel hai luz, colorido e inxenuidade. Resumindo. Moitas pinceladas dos seus cadros.

Aínda eres un pouco adolescente? Unha estatuí. a de sal inacabada? Escribiches que "no areal da praia fica o sinal do meu corpo adolescente."

Sempre serei un pouco nena, de feito por dentro sintome así, inda que o espello, ese gran delator, diga outra cousa. Mais levándolle a contra, sempre, sempre, serei moza, moza con alma de lúa e vento, e rirei coa choiva ou chorarei co sol. Serei esa estatuíña de sal inacabada. E o sinal do meu corpo adolescente, ficará varado para sempre no areal da praia, atento, moi atento á voz do mar.